

A Comunidade Educativa do CEP Carlos Casares despide aos mestres Puri e Anxo

REDACCIÓN [SALVATERRA]

Os Mestres do CEP Carlos Casares de Salvaterra puxeron un punto e aparte na súa vida laboral. Este matrimonio xubilábase e con tal motivo os seus compañeiros e toda a comunidade educativa do centro transmítenlle as súas felicitacións por todos estes anos entregados á ensinanza dedicándolle unas palabras.

"Este curso escolar comezou dun xeito un tanto especial para a comunidade educativa do concello de Salvaterra de Miño. O matrimonio pedagóxico, formado por Puri Fernández Pérez e Anxo López Méndez, xubiláronse.

Coñecéronse e comezaron o seu labor profesional en Barcelona, pero despois de catro cursos por terras catalás, instaláronse no concello de Salvaterra de Miño.

Anxo traballou no colexio de

Alxén, na unitaria de Cabreira (de aí que para moit@s sexa aínda hoxe, coñecido como o "mestre de Cabreira"), no colexio de Salvaterra e no IES de Salvaterra de Miño, como profesor de EF, nos últimos cursos.

Puri traballou en Leirado, nas unitarias de Alxén e de Cabreira e, nos últimos vinte e oito cursos, no CEP Carlos Casares-Alxén.

Tanto un como outro distinguíronse pola súa entrega a un traballo tan importante como é a educación, sen escatimar tempo, medios, materiais e xenerosidade, sen deixar nunca de ser uns excelentes compañeiros.

Un tras outro foron marcando as liñas básicas de traballo neste centro -a participación de toda a comunidade educativa nas actividades do centro, a defensa da nosa lingua, o respecto polo medio ambiente-, que foron transmitindo, como auténti-

cos mestres de mestres, a tod@s @s que nos iamos incorporando ao centro: fóronnos "alxenizando". Por iso este centro segue mantendo unha liña de traballo de educación pública de calidade. Isto sería imposible sen o seu paso polo centro. E por iso tamén é tan difícil non lembrarse deles, pois moito do que é e hai no centro débese a eles, e, entrando nel, atopamos as súas pegadas por todas partes.

Pero todo pasa e todo chega e, aínda que os botemos moito de menos, teñen ben merecido un descanso deste traballo docente que cos anos vai cansando e que non sempre é recoñecido como se merece.

Moitas grazas polo voso traballo, polas vosas ensinanza e pola vosa entrega a este centro! Que disfrutedes da tan merecida xubilación!

Para vos vai adicado este poema de Gabriel Celaya:



Anxo López e Puri Fernández, nun xantar no parador de Tul. // D.P.

Educar é o mesmo
que poñer motor a unha barca...
hai que medir, pesar, equilibrar...
... e poñer todo en marcha.
Para iso,
unha ten que levar na alma
un pouco de mariño...
un pouco de pirata...
un pouco de poeta...
e un quilo e medio de paciencia
concentrada.

Pero é consolador soñar
mentres unha traballa,
que ese barco, ese neno

irá moi lonxe pola auga.
Soñar que ese navio
levará a nosa carga de palabras
cara portos distantes,
cara illas lonxanas.
Soñar que cando un día
este durmindo a nosa propia
barca,
en barcos novos seguirá
a nosa bandeira enarborada.

A Comunidade Educativa do CEP
Carlos Casares. Alxén - Salvaterra
de Miño.